



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 24 DE XANEIRO DE 2019,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Decreto polo que se dispón que cese Francisco Javier Abad Pardo como secretario xeral Técnico da Consellería de Política Social.
- Decreto polo que se nomea secretaria xeral Técnica da Consellería de Política Social a María Francisca Gómez Santos.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto de Decreto polo que se aproba a catalogación dos tramos urbanos e naturais das praias de Galicia, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.
- Acordo polo que se toma razón da declaración da área de rehabilitación integral xeral do Parque Nacional das Illas Atlánticas, realizada por Resolución da presidenta do Instituto Galego de Vivenda e Solo do 23 de xaneiro de 2019

**INFORMES**

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre a convocatoria de axudas do Igape, en réxime de concorrencia non competitiva, a establecementos hoteleiros para adquirir materiais para a reforma dos establecementos (Reforma Tur 2019).

**CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Informe sobre o Plan de mellora de establecementos turísticos (MAT).



## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o balance de situación da construción de novos centros de saúde.

## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Informe sobre a Orde do 24 de agosto de 2018, pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas para a posta en marcha de Casas do Maior e se convocan en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2018 e 2019.

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre a vindeira publicación da Orde pola que se regula a aplicación dos pagamentos directos á agricultura e á gandería e das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao sistema integrado de xestión e control.

## **CONSELLERÍA DO MAR**

- Informe sobre a Orde do 17 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2019 para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para proxectos colectivos, financiados polo FEMP, de modernización dos portos pesqueiros, lonxas e lugares de desembarque, para a mellora da calidade, o incremento do control e a rastrexabilidade dos produtos desembarcados, a eficiencia enerxética, e a mellora da seguridade e das condicións de traballo, tramitada como expediente anticipado de gasto.

**MARÍA FRANCISCA GÓMEZ SANTOS, NOMEADA NOVA SECRETARIA XERAL  
TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- *A que ata agora era xefa territorial da Consellería na Coruña substitúe a Francisco Javier Abad Pardo, que cesa por petición propia*

O Consello da Xunta acaba de aprobar o nomeamento de María Francisca Gómez Santos, actual xefa territorial da Consellería de Política Social na provincia da Coruña, como secretaria xeral técnica deste departamento. Asume esta responsabilidade en lugar de Francisco Javier Abad Pardo, que cesa por petición propia.

Gómez Santos é licenciada en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela. Ingresou na Administración autonómica no ano 1993, primeiro no Corpo Administrativo, despois no de xestión e por último no Corpo Superior.

Durante estes 26 anos como empregada pública, ocupou diversas responsabilidades nas áreas de Cultura, Educación, Benestar e Avaliación e Reforma Administrativa. Dentro da que hoxe é a Consellería de Política Social, Gómez Santos foi inspectora de Servizos Sociais, xefa de servizo de Inspección e do de Prestacións, Inclusión E Inmigración, entre outras responsabilidades. Desde 2017 exercía a xefatura Territorial da Consellería na provincia da Coruña.

## **A XUNTA DE GALICIA CONCLÚE A REDACCIÓN DO CATÁLOGO DE PRAIAS**

- *O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, emitiu informe favorable sobre o proxecto de Decreto polo que se catalogan os tramos urbanos e naturais de Galicia e que agora se envía ao Consello Consultivo para o seu informe*
- *Identifícanse un total de 987 praias, das cales 745 son naturais, 200 urbanas e 42 urbanas con plans de protección ou de conservación de especies*
- *Con esta regulación habilítase unha norma concreta e defínense os límites de cada Administración dentro das súas competencias*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, emitiu informe favorable sobre o proxecto de Decreto polo que se aproba a catalogación dos tramos urbanos e naturais das praias de Galicia e que agora se remite ao Consello Consultivo para que emita o informe preceptivo.

O punto de partida para elaborar o dito traballo é o inventario de praias recollido no Plan de ordenación do litoral. Ao terminar o inventario identificáronse na Comunidade galega un total de 987 praias, das cales 745 son naturais, 200 urbanas e as restantes (42), urbanas con plan de protección.

Considerarase praia urbana -ou tramo- aquela que estea integrada nunha área urbana que reúna algunha das seguintes características: clasificada como urbana ou consolidada pola edificación nun mínimo dun cincuenta por cento da súa lonxitude, ou estea dotada dalgúns servizos como acceso peonil e rodado, dispoña de subministración de auga potable e enerxía eléctrica ou rede de saneamento.

Por outra banda, catalóganse como praias naturais aquelas que non cumpran os criterios anteriores. Asemade, tamén se establece unha distinción para as praias naturais -ou tramos- que están situadas en ámbitos nos cales se aplica un plan de protección ou de conservación de especies, conforme a lexislación sobre conservación da natureza. Polo tanto, os usos e actividades que se realizarán deberán ser acordes co establecido nos seus correspondentes instrumentos de planificación, e deberán contar con autorización ou informe do órgano competente en materia de patrimonio natural, nos termos previstos na normativa ou nos instrumentos de planificación de aplicación.

A Xunta destaca que con esta regulación se habilita unha norma concreta, que ata o momento non existía, e que achega seguridade xurídica. Ao mesmo tempo, defínense os límites de cada Administración dentro das súas competencias nos ditos tramos ou praia.

Así, as praias son parte do dominio público marítimo-terrestre (DPMT), titularidade do Estado, polo que é a Administración que legisla e fixa o seu réxime de protección e

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

exerce as competencias para a súa protección (deslindamentos, outorgamento de títulos para uso das praias -autorizacións e concesións-, potestade sancionadora).

Á Comunidade Autónoma correspóndelle a súa ordenación (instrumentos de planificación territorial e urbanística) e aos concellos, dado que as praias son parte do termo municipal, correspóndelles a planificación dos usos do solo, sempre dentro do que marca a lexislación de costas.

Cómpre indicar que a catalogación aprobada hoxe polo Consello da Xunta desenvolve o mandato normativo contido na disposición transitoria 24 do Regulamento xeral de costas (RD 876/2014, do 10 de outubro), onde se sinala que a Administración competente en materia de ordenación do territorio deberá delimitar os tramos das praias de acordo co artigo 67 do dito regulamento.

**MEDIO AMBIENTE DECLARA A PRIMEIRA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL INSULAR, NO PARQUE NACIONAL ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA**

- *Trátase da segunda ARI que xestionará o Instituto Galego de Vivenda e Solo de xeito directo, tal como fai coa ARI dos Camiños de Santiago*
- *O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, informou desta decisión, que permitirá chegar axudas para a rehabilitación das vivendas do único parque nacional presente na Comunidade galega*

O Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, emitiu informe favorable sobre a declaración da primeira Área de Rehabilitación Integral insular, a ARI do Parque Nacional Marítimo Terrestre Illas Atlánticas, que beneficiará as vivendas que se localizan no único parque nacional con que conta a Comunidade e tamén permitirá realizar actuacións de urbanización e reurbanización.

Trátase da segunda ARI que xestionará o IGVS de xeito directo ao ser supramunicipal, ao igual que a dos camiños de Santiago. A nova ARI abrangue os arquipélagos das Cíes, Ons, Sálvora e Cortegada e, polo tanto, beneficia catro municipios: Vigo, Bueu, Vilagarcía de Arousa e Ribeira.

A declaración desta ARI vén motivada pola situación actual en que se atopan as vivendas deste ámbito territorial, debido ao illamento que sufriron durante anos. Ademais da necesidade de rehabilitación e mellora das vivendas existentes, existen problemas de accesibilidade e déficit nos equipamentos públicos.

As axudas da área de rehabilitación destinaranse preferentemente á rehabilitación de vivendas e inmobles que deberán ter uso residencial na actualidade ou despois da súa rehabilitación. As actuacións que se poden levar a cabo son obras de restauración, conservación, rehabilitación das vivendas con actuacións dirixidas á mellora da súa eficiencia enerxética, da súa accesibilidade e da súa habitabilidade, incluíndo reformas interiores, mellor das instalacións, etc.

As actuacións de urbanización e reurbanización poderán ter por obxectivo a mellora da accesibilidade e das instalacións xerais, e, no que se refire aos espazos públicos, prevese realizar actuacións de pavimentación, actuación nas redes de rega, no mobiliario urbano e de xardinería.

As axudas para a rehabilitación e reurbanización da ARI serán financiadas con fondos propios da Xunta de Galicia e fondos procedentes do Plan estatal de vivenda, para o cal a Xunta e o Ministerio de Fomento deberán asinar un acordo no que se fixe o importe do financiamento no marco do Plan de vivenda e as súas anualidades. Despois da sinatura



XUNTA  
DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

deste acordo, as axudas serán convocadas polo IGVS a través da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, previsiblemente no mes de abril de 2019.

Cómpre salientar que a declaración deste espazo insular como ARI acádase ao pouco tempo de que a Xunta aprobase o Plan reitor de uso e xestión, unha mostra máis da importancia deste espazo e un elemento máis a ter en conta na candidatura -presentada pola Xunta- deste parque a patrimonio da humanidade.



UNIÓN EUROPEA



## **A XUNTA AXUDARÁ A 500 ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS DE GALICIA A REALIZAR INVESTIMENTOS QUE PERMITAN MELLORAR OS SEUS SERVIZOS DE CARA AO XACOBEO 2021**

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria presenta o Reforma Tur 2019, un programa pioneiro dotado con 3 M€ para achegar axudas que, xunto aos descontos que ofrezan as entidades adheridas, permitirá aos propietarios dos locais rebaixar á metade os gastos de compra de materiais para executar as reformas*
- *A iniciativa contribuirá a estimular tanto a actividade económica como o emprego entre pemes e autónomos do sector da construción*
- *As axudas públicas poderán acadar os 25.000 euros*
- *Mediante as anteriores edicións do programa Reforma, entre 2015 e 2017, facilitáronse obras de modernización de cociñas e baños en máis de 11.000 fogares galegos, cunha mobilización que superou os 76 millóns de euros*

O Consello da Xunta avaliou na súa reunión de hoxe as bases do Reforma Tur 2019, un programa pioneiro deseñado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria e que se activará proximamente para facilitar a mellora e a modernización dos servizos de 500 establecementos hoteleiros galegos, co fin de actualizarse e dar resposta ás esixencias dos viaxeiros, en especial de cara ao vindeiro ano Xacobeo 2021.

Cunha dotación de 3 millóns de euros para este ano e cunha mobilización estimada de máis de 24 millóns de euros, o programa achegará axudas que cobren o 25% e alcanzan rebaixas do 50% nos gastos de compra de materiais para a reforma dos establecementos, ao sumar outro desconto do 25% que farán polas empresas adheridas ao programa. Deste xeito, a iniciativa contribuirá a estimular tanto a actividade económica como o emprego entre as pemes e os autónomos do sector da construción.

Poderán acollerse ao programa os titulares de establecementos hoteleiros cun máximo de 40 prazas dentro da categoría de hoteis, hoteis balneario e hoteis talaso, ademais das instalacións de turismo rural e albergues privados situados no Camiño de Santiago. As axudas públicas poderán acadar os 25.000 euros.

Mediante o Reforma Tur 2019, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Igape, busca manter a dinamización das empresas de materiais de construción e incentivar o sector turístico en Galicia, particularmente nos establecementos de menor dimensión e capacidade. Esta iniciativa foi consensuada coa Asociación de Empresarios de Materiais de Construción (Asemaco) e coa Axencia Turismo de Galicia.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

O prazo para presentar as solicitudes de axuda, que serán resoltas pola vía telemática en cuestión de días, estará aberto para as entidades colaboradoras a partir do 29 de xaneiro e ata o 28 de marzo, mentres que os locais hoteleiros disporán de prazo desde o 28 de febreiro ata o 30 de abril. As solicitudes dos beneficiarios deberán presentarse nos establecementos adheridos ao programa.

Coa activación deste programa, dirixido a establecementos hoteleiros, a Xunta reafirma o impulso positivo conseguido con anteriores edicións do Reforma –entre os anos 2015 e 2017– que estiveron vinculadas á dinamización da actividade do sector da construción no ámbito das obras de modernización de cocinas e baños en vivendas de particulares. En concreto, a través desas tres convocatorias, executáronse reformas en máis de 11.000 fogares galegos coa participación de máis de 400 establecementos de materiais de construción, que mobilizou máis de 76,6 millóns de euros.

## O NOVO PLAN MAT DE MELLORA DE ALOXAMENTOS TURÍSTICOS MODERNIZARÁ O SECTOR E AMPLIARÁ A OFERTA EN EIDOS ESTRATÉGICOS

- *Cinco departamentos da Xunta de Galicia únense a través de distintas liñas de axudas e actuacións para incentivar un turismo máis competitivo e de calidade*
- *Trátase de dotar a oferta existente de máis e mellores servizos e de estimular a creación de aloxamentos en territorios con gran potencial de desenvolvemento*
- *As dúas primeiras convocatorias, que se publicarán nos próximos días, están dotadas de 4 millóns de euros e poderán beneficiar máis de 500 establecementos*

A Xunta de Galicia, a través de cinco departamentos, impulsa o novo Plan MAT de mellora de aloxamentos turísticos, que permitirá seguir configurando un destino máis competitivo e que aposta pola calidade. A través das distintas liñas de axudas previstas e das numerosas actuacións que impulsará, estimularase a innovación, a accesibilidade e a dixitalización deste sector, que supón un pilar fundamental da economía da nosa Comunidade.

Por unha banda, búscase mellorar a oferta existente, dotándoa de máis e mellores servizos na procura da excelencia e da calidade. Por outra banda, configurar unha oferta axustada e especializada nos distintos territorios que son potencialmente interesantes pola súa vinculación ao medio mariño e pesqueiro, así como ao medio rural. Deste xeito, aspírase a un triplo obxectivo de dinamización, crecemento e empoderamento e profesionalización.

O Plan MAT prevé liñas para incentivar a oferta e dirixir o esforzo cara á consecución dun mellor tecido turístico que dea e manteña a vida en contornos naturais, maritimopesqueiros e rurais, cunha concepción da oferta feita desde o territorio, polo territorio e para o territorio. Na actualidade, considérase que a oferta é boa, pero precisa ampliarse a través de diferentes liñas de negocio ata acadar un sector máis forte e cunha oferta variada e profesionalizada.

Trátase dun plan que implica cinco departamentos da Xunta de Galicia, que se unen ao redor de catro liñas de actuación e catro eixes de actuación. No Plan MAT están presentes Presidencia da Xunta, a través da Amtega; a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Igape e do Inega; a Consellería de Cultura e Turismo, que coordina as accións incluídas nel; a Consellería do Medio Rural, a través de Agader, e a Consellería do Mar.



### Preto de 20 programas

As liñas estratéxicas do Plan MAT buscan a mellora estrutural da competitividade do sector, a formación, calidade e actualización, a innovación e desenvolvemento e a comercialización e busca de sinerxías. Entre os seus eixos de actuación inclúense a valorización do medio/contorno, a eficiencia e mellora enerxética, a accesibilidade universal, con especial atención á igualdade, e a dixitalización e a sociedade do coñecemento.

O Plan MAT comprende preto de vinte liñas de axudas para a creación ou mellora de establecementos de aloxamento, a través de subvencións e instrumentos financeiros. Igualmente, vai acompañado de numerosas actuacións, tales como a creación dun mapa interactivo de axudas que permita ao sector coñecer polo miúdo os recursos dispoñibles; actividades formativas, xornadas de *networking* global e sectorial, encontros informativos con expertos, difusión de boas prácticas, recoñecemento e distinción da excelencia; cursos de especialización a cargo de entidades de prestixio como o Centro Superior de Hostelería de Galicia (CSHG), formación e xornadas de sensibilización en accesibilidade, actividades orientadas á innovación e de apoio á xestión e actualización continua ou divulgación.

Establécense, ademais, actuacións en eidos singulares para o aproveitamento dos aloxamentos turísticos nos Camiños de Santiago, termalismo, turismo e xuventude (festivais, deportes...) e turismo científico (ornitoxía, astronomía, xeoloxías ou patrimonio industrial).

Nos próximos días, abriranse as dúas primeiras medidas do Plan MAT. Desde a Consellería de Economía, Emprego e Industria impulsarase o programa Reforma TUR 2019, con axudas a establecementos hoteleiros á adquisición de materiais para a reforma de establecementos. E desde a Consellería de Cultura e Turismo, lanzarase unha orde de axudas para avanzar na mellora das infraestruturas de aloxamento, a accesibilidade, a obtención de certificados de calidade, o incremento da súa clasificación ou a renovación das súas instalacións.

Estas dúas primeiras axudas, que se publicarán no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), están dotadas con 4 millóns de euros e estímase que poderán beneficiar 550 establecementos.



## A XUNTA DE GALICIA TRABALLA NA CONSTRUCIÓN OU REFORMA DUN TOTAL DE 25 CENTROS DE SAÚDE, QUE MELLORARÁN A ASISTENCIA SANITARIA DE MÁIS DE 310.000 CIDADÁNS

- *Estas actuacións supoñen máis de 65 millóns de euros a novos proxectos e máis de 48.000 metros cadrados de nova construción*
- *Actualmente, nove centros de saúde están en execución e outros dous serán de inicio inmediato*
- *Hai outras 14 obras pendentes, cinco delas xa están en preparación da licitación e as nove restantes pendentes de terreos ou en trámites previos*
- *Súmanse ao centro de saúde de Ares, que se puxo en marcha ao longo do pasado ano e aos centros de saúde de Tui, A Valenzá, Pontedevea e A Capela rematados no ano 2017*

A mellora e modernización das infraestruturas en atención primaria é unha prioridade para a Xunta de Galicia. Actualmente, a Xunta traballa na construción ou reforma dun total de 25 centros de saúde. Gran parte dos proxectos xa están en obra, licitados ou en fases previas á licitación. O conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuiña, informou hoxe ao Consello da Xunta do estado actual destas actuacións, que beneficiarán preto de 310.000 cidadáns.

A Xunta de Galicia destina máis de 65 millóns de euros a novos proxectos e ten máis de 48.000 metros cadrados de nova construción. Cómpre sinalar que durante o pasado ano 2018 entrou en funcionamento o centro de saúde de Ares, e en 2017 finalizáronse os centros de saúde de Tui, A Valenzá-Barbadás, Pontedevea e A Capela. En total, incluíndo estes centros de saúde que xa entraron en funcionamento, a Xunta destina máis de 75 millóns de euros.

Actualmente están coas obras en execución un total de nove centros de saúde, que son os de Gondomar, Milladoiro (Ames), A Estrada, a reforma do centro de saúde da Illa de Arousa, a ampliación do Punto de Atención Continuada da Laracha, Paderne de Allariz, Pereiro de Aguiar, Salceda de Caselas e o centro de saúde e PAC de Narón.

O Servizo Galego de Saúde continúa a traballar para poñer á disposición da cidadanía galega infraestruturas modernas, con capacidade de resolución de alto nivel de calidade e no lugar máis próximo ao paciente, como é a atención primaria. Así, xa están licitadas as obras para construír o novo centro do Saviñao e a reforma do centro de saúde de Pazos de Borbén, que serán de inicio inmediato.



**XUNTA  
DE GALICIA**



**Xacobeo 2021**

**galicia**

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

Ademais, en preparación de licitación encóntranse os novos centros de saúde de Melide, Centro Integral de Saúde (CIS) do novo Barrio da Residencia de Lugo e Bouzas (Vigo). Así como as reformas dos centros de saúde de Mugardos e As Pontes.

Por outra banda, hai un total de seis centros pendentes da cesión de terreos que son o CIS en Lalín, o CIS de Cangas-Moaña, o centro de saúde de Moaña, o centro de saúde de Santa Lucía (en A Coruña), o de Caldas de Reis e o de Poio.

O Sergas prevé, ademais, a ampliación do centro de saúde do Porriño, en preto de 700 metros cadrados útiles, e a construción do centro de saúde do Vinteún, en Ourense. Tamén está licitándose o proxecto do centro de saúde de Conxo (Santiago).



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

**A XUNTA RESOLVE AS AXUDAS PARA AS PRIMEIRAS 30 CASAS DO MAIOR QUE SE INSTALARÁN EN 25 CONCELLOS RURAIS DE MENOS DE 5000 HABITANTES**

- *Cada unha atenderá entre dúas e cinco persoas con máis de 60 anos de idade e con dependencia moderada ou severa, polo que a través destas axudas se ofertarán 150 novas prazas de atención diúrna*
- *Investirase máis dun millón de euros na posta en marcha destes centros*

O Consello da Xunta deu conta hoxe da resolución das axudas para a creación das primeiras 30 casas do maior, que se instalarán en 25 concellos de menos de 5000 habitantes. Cada unha delas atenderá un mínimo de dúas e un máximo de cinco persoas de máis de 60 anos de idade con dependencia moderada ou severa, polo que estas axudas permitirán a creación de ata 150 prazas de atención diúrna para maiores dependentes.

En concreto, os concellos beneficiados na provincia da Coruña son os de Laxe, Vilarmaior, Aranga, Trazo, Santiso e Monfero (que terá dúas casas); na de Lugo: Portomarín, Cervantes, O Páramo e As Nogais (que abrirá dous centros); na provincia pontevedresa haberá casas do maior nas localidades de Arbo e Pazos de Borbén; e será na provincia de Ourense onde se implantará o maior número de centros, con máis da metade dos 30 aprobados. Nesta provincia terán un recurso deste tipo Sarreaus, Rairiz de Veiga, Os Blancos, Punxín, Piñor, A Teixeira, Xunqueira de Ambía, A Veiga, A Gudiña e Laza. E terán dúas casas do maior os municipios de Cenlle, Xunqueira de Espadanedo e Castrelo de Miño.

No seu conxunto, o investimento para a posta en marcha destes centros supera o millón de euros, dos cales 400.000 euros se destinarán a apoiar os gastos necesarios para adecuar as casas e 600.000 para o desenvolvemento da súa actividade. Seguindo a filosofía das casas niño, as casas do maior funcionarán durante un máximo de oito horas diarias de luns a venres, agás festivos e o mes de vacacións, durante os cales permanecerán pechadas. Ofrecerán flexibilidade horaria ás persoas usuarias e os seus responsables deberán ter formación ou experiencia profesional específica.

Cómpre destacar a boa acollida que tivo esta convocatoria, posto que se cubrirán o total das axudas previstas. A previsión é lanzar unha nova ao longo deste ano 2019, para que antes de que remate a lexislatura Galicia poida contar con ata 60 casas do maior nos concellos rurais e de menos poboación da nosa xeografía.

**Máis servizos e axudas**

A posta en marcha destes recursos enmárcase na aposta da Xunta pola mellora continua dos programas e servizos do sistema de dependencia, que permitiron a Galicia



**XUNTA  
DE GALICIA**



**Xacobeo 2021**

**galicia**

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**

superar xa no día de hoxe as 60.000 persoas con atención. Cúmrese así na metade de tempo un obxectivo fixado para toda a lexislatura.

Ademais das novas casas do maior, neste ámbito están a desenvolverse outras medidas como son o reforzo do servizo de axuda no fogar (SAF) ou o incremento das contías das axudas para coidadores, para a contratación dun asistente ou para o pago dunha praza residencial.



UNIÓN EUROPEA



## **A NOVA CAMPAÑA DA PAC CONTARÁ CON 210 MILLÓNS DE EUROS E BENEFICIARÁ UNS 30.000 GANDEIROS E AGRICULTORES GALEGOS**

- ***A orde de axudas sairá publicada a semana que vén no Diario Oficial de Galicia co obxecto de que todas as persoas interesadas poidan presentar a súa solicitude desde o primeiro día do prazo que permite a normativa***
- ***Da contía global, uns 170 millóns de euros correspóndense a pagos directos da PAC e 40 millóns de euros ás medidas agroambientais de desenvolvemento rural***
- ***Estas axudas teñen por obxecto contribuír a reducir as diferenzas entre a renda agraria e a urbana, á vez que se trata de potenciar os agricultores e prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o ambiente***

O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre a convocatoria 2019-2020 das axudas da Política Agrícola Común (PAC), que este ano contarán cun orzamento global de 210 millóns de euros. No documento especificábase que uns 30.000 beneficiarios de toda Galicia recibirán preto de 170 millóns de euros correspondentes aos pagamentos directos da PAC e 40 millóns de euros das medidas de desenvolvemento rural (axudas a zonas con limitación naturais, agroambiente e clima, agricultura ecolóxica e para o mantemento de plantacións forestais en terras non agrícolas).

Así, a publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* está prevista para a vindeira semana, co obxecto de que todas as persoas interesadas poidan ter coñecemento do seu contido e presentar axeitadamente a súa solicitude desde o primeiro día do prazo que permite a normativa, é dicir, o 1 de febreiro.

Estas axudas da política agrícola común, que xestiona o Fondo Galego de Garantía Agraria (Fogga), teñen por obxecto contribuír a reducir as diferenzas entre a renda agraria e a urbana, á vez que se trata de potenciar os agricultores realmente activos e prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o ambiente (medidas agroambientais). Falamos de axudas que permiten impulsar a actividade do sector primario en todo o territorio de Galicia.

Esta convocatoria segue a ser pioneira no ámbito da redución das cargas burocráticas e da tramitación electrónica, xa que o 100% das solicitudes se tramitará de forma telemática, o prazo de presentación rematará o vindeiro 30 de abril. Ademais, cómpre lembrar que a Consellería do Medio Rural traballa con máis de 50 entidades colaboradoras para prestar apoio ás persoas interesadas nestas achegas, entre as cales destacan bancos, asociacións agrarias, organizacións profesionais e entidades de aconsellamento.



**XUNTA  
DE GALICIA**



**Xacobeo 2021**

**galicia**

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

### **Anticipo**

O informe aprobado hoxe polo Consello da Xunta tamén recolle o balance dos pagamentos efectuados da PAC na campaña 2018-2019 ata o momento. Así, o Fondo Galego de Garantía Agraria aboou máis de 136 millóns de euros a case 25.000 beneficiarios. O resto de pagamentos pendentes desta campaña faranse efectivos unha vez que se completen os preceptivos controis sobre o terreo ou administrativos. Prevese completar o pagamento nun prazo aproximado de dous meses. En todo caso, o período legalmente establecido finaliza o 30 de xuño.



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE  
DESENVOLVEMENTO REXIONAL  
"Unha maneira de facer Europa"

FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE inviste no teu futuro"

## GALICIA DESTINA MÁIS DE 1,5 MILLÓNS DE EUROS A EQUIPAR E MODERNIZAR OS PORTOS, AS LONXAS E OS LUGARES DE DESEMBARQUE DE PRODUTOS DO MAR

- *Esta cantidade enmárcase na convocatoria de 2019 de axudas cofinanciadas polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca para proxectos colectivos de modernización nestas instalacións desenvolvidos polas confrarías de pescadores*
- *Con estas axudas promóvese a dotación e a mellora das instalacións que prestan servizos ás embarcacións e ao sector pesqueiro e marisqueiro*
- *Pola súa vez, estas axudas buscan a mellora da calidade, o incremento do control e a rastrexabilidade dos produtos desembarcados, a eficiencia enerxética e a mellora da seguridade e as condicións de traballo do sector*
- *As confrarías de pescadores interesadas en cursar as solicitudes poderán consultar os requisitos e a documentación necesaria na orde que publicará o Diario Oficial de Galicia nos próximos días*

As confrarías de pescadores de Galicia poderán beneficiarse de axudas por valor de máis de 1,5 millóns de euros para proxectos colectivos de modernización dos portos pesqueiros, das lonxas e dos lugares de desembarque. Esta cantidade, cofinanciada polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), enmárcase na convocatoria de 2019 destas achegas e distribúese en 800.000 euros para a anualidade 2019 e máis de 700.600 para a anualidade 2020. Así o especifica o informe analizado hoxe no Consello da Xunta sobre estas axudas.

Con elas, a Consellería do Mar promove a dotación e a mellora das instalacións que prestan servizos ás embarcacións e ao sector pesqueiro e marisqueiro. Así, poderán ser obxecto de subvención os proxectos colectivos que se desenvolvan en portos pesqueiros, lonxas e lugares de desembarque de Galicia e que busquen a mellora da calidade, o incremento do control e a rastrexabilidade dos produtos desembarcados, a eficiencia enerxética e a mellora da a seguridade e das condicións de traballo dos profesionais da pesca e do marisqueo.

Os investimentos son subvencionables en función da tipoloxía de proxecto. Neste sentido, dentro dos proxectos colectivos que busquen mellorar a calidade dos produtos da pesca, son subvencionables os contedores homologados para estabulación de crustáceos e os contedores isotermos para almacenamento ou transporte de xeo con capacidades de entre 220 e 1.400 litros. Tamén os produtores de xeo compactos autónomos sen cámara de conservación de xeo; por unha banda, os de ata un máximo de produción de 1.500 quilos en 24 horas, e por outra banda, os de ata un máximo de 5.000 quilos de produción en 24 horas. Outros dos investimentos obxecto de axuda

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

dentro desta tipoloxía son as cámaras para a conservación de xeo a 0° C con volume exterior de ata 50 m<sup>3</sup>.

No eido do control e rastrexabilidade dos produtos procedentes da pesca, son obxecto de axuda os investimentos en equipos de clasificación para moluscos bivalvos con básculas dun mínimo de 30 quilos e en unidades de xestión de pesaxe, nas cales se inclúen investimentos en mobiliario, ordenador, etiquetadora, impresora e programa de xestión.

En canto á eficiencia enerxética nas lonxas, son subvencionables os investimentos na iluminación da zona de poxa con sistemas *led*. Neste caso, o solicitante debe ser titular da concesión ou autorización da lonxa no momento da solicitude.

No ámbito relacionado coa seguridade e condicións de traballo das persoas pescadoras, están entre os investimentos subvencionables as mesas de clasificación ou exposición para produtos procedentes da pesca e as casetas desmontables para vestiarios para profesionais da pesca e do marisqueo. Tamén son obxecto de achega os carros varadoiro sobre rodas e cabrestante eléctrico asociado, ambos con capacidade de ata 50 toneladas, e os carros varadoiro sobre carrís e cabrestante eléctrico asociado, ambos con capacidade de 25 toneladas. Ademais, dentro dos proxectos colectivos con este obxectivo, son subvencionables os investimentos en guindastres eléctricos tipo pluma mariña, con capacidade ata 10 toneladas e brazo de ata 7 metros.

A Consellería do Mar convoca estas axudas con base nas necesidades que detecta nas confrarías de pescadores e a planificación do Programa de equipamentos nos portos pesqueiros de Galicia a desenvolver co FEMP. Este programa inclúe as intervencións precisas para dotar ou mellorar as instalacións que prestan servizos ás embarcacións e aos sectores pesqueiro e marisqueiro.

As confrarías interesadas en cursar a solicitude destas axudas poderán consultar os requisitos e a documentación necesaria na orde que publicará o *Diario Oficial de Galicia* nos próximos días. O prazo de presentación das solicitudes será dun mes contado desde o seguinte á súa publicación.